

A "APDR" RECORRE A DECISIÓN DA XUNTA DE GALICIA SOBRE ELNOSA.

O pasado 22 de decembro, a "Asociación Pola Defensa da Ría" (APDR) recibiu notificación da resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia pola que se anula a resolución de 14 de setembro de 2006 que puña fin ao procedemento de obtención da Autorización Ambiental Integrada (AAI) para a planta de ELNOSA, xunto co arquivo das actuacións, e pola que se decide reabrir o procedemento retrotraendo as actuacións administrativas ao momento inmediatamente anterior á emisión da citada resolución de arquivo.

Basea a súa decisión a Xunta de Galicia na existencia de dúas sentenzas que anulan o informe urbanístico emitido no seu día polo Concello de Pontevedra, un informe negativo e que polo seu carácter vinculante tiña servido para fundamentar a decisión inicial da Xunta de Galicia.

Con independencia das decisións xudiciais, que na APDR respectamos, consideramos necesario facer as seguintes consideracións acerca da resolución da Xunta de Galicia:

1º.- Da antedita resolución pódese deducir que a Xunta de Galicia non vai solicitar un novo informe urbanístico ao Concello de Pontevedra, algo que na APDR consideramos debería quedar garantido para dar cumprimento á lei 16/2002, que regula o proceso de solicitude e concesión da AAI. En efecto, a citada lei fixa entre a documentación necesaria para a solicitude da AAI o informe do Concello "acreditativo de la compatibilidad del proyecto con el planeamiento urbanístico".

2º.- Se ben é certo que as resolucións xudiciais anulan o informe emitido no seu día polo Concello de Pontevedra e estiman así parcialmente o recurso de ELNOSA, non é menos certo que xustamente desestiman a pretensión da fábrica de que se declare á empresa compatible co planeamento urbanístico. Neste sentido, non se acredita a citada compatibilidade, requisito indispensable para a concesión da AAI e que xustifica a nosa solicitude dun novo informe municipal que aborde correctamente este particular. Sería lamentable que a Xunta outorxe o que nega a Xustiza!

3º.- Asimesmo, a Xunta de Galicia debería solicitar do Concello de Pontevedra outro informe, regulado no artigo 18 da lei 16/2002, que fai referencia á "adecuación de la instalación analizada a todos aquellos aspectos que sean de su competencia".

4º.- Poderíase aducir que ten rematado o prazo para a emisión dos anteditos informes, pero a propia lei contempla a validez destes informes sempre que sexan recibidos na Comunidade Autónoma con anterioridade a que se dicte resolución polo órgano competente.

Diante desta situación, a APDR ten solicitado da Consellería de Medio Ambiente que interese do Concello de Pontevedra os dous informes contemplados na lei, e presentado recurso de alzada contra a resolución da Xunta no caso de que non se soliciten do Concello os citados informes. Ao mesmo tempo, a APDR ten solicitado do Concello que –con independencia de que os solicite ou non a Xunta- emitan de oficio os dous informes acolléndose á lei e tendo en conta os fundamentos xurídicos das sentenzas xudiciais.

En calquera caso, na APDR estamos absolutamente convencidos de que estamos diante dun problema político, e de que na Xunta de Galicia –e de forma particular na Consellería de Medio Ambiente- non existe vontade política de sacar o complexo ENCE-ELNOSA da súa actual ubicación na Ría de Pontevedra con anterioridade á data fixada pola Lei de Costas, e de que a pesares do acordo programático de goberno, ceden diante dos intereses empresariais do complexo, co que siguen mantendo unha actitude de connivencia.

Resulta moi significativa neste sentido a actitude da Consellería que dirixe Manuel Vázquez na tramitación das AAI de ENCE e ELNOSA; en efecto, e incumprindo o establecido na lei 16/2002, que fixa un prazo máximo de 10 meses para dictar resolución e que explicita que transcurrido este prazo sen que se teña notificado resolución expresa se entenderá desestimada a solicitude, leva dilatando no tempo (3 longos anos) a toma de decisións no caso de ENCE e deixou pasar máis de 18 meses para tomar a decisión que puña fin ao procedemento de obtención da AAI para ELNOSA, decisión agora anulada e obxecto deste comunicado. A APDR, que non desbota a posibilidade de levar adiante unha denuncia contra á Consellería de Medio Ambiente por inacción, está convencida de que esta actitude da Xunta é o que "xustifica" a negativa do Conselleiro Pachi Vázquez a recibir á directiva da asociación.

Pontevedra, 8 de xaneiro de 2008

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR